

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

**8688** *Circular 7/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se modifica a Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou, para estes efectos, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, co fin de transferir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias dadas ao regulador na normativa europea.

A través da dita modificación, a citada Lei 3/2013, do 4 de xuño, asignou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a función de establecer mediante circular, logo de trámite de audiencia e seguindo criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, a estrutura e metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade destinadas a cubrir a retribución do transporte e distribución, respectando o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico de conformidade coa Lei 24/2013, do 26 de decembro.

En cumprimento do anterior, o 24 de xaneiro de 2020 foi publicada no «Boletín Oficial del Estado» a Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

A Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, establece na súa disposición transitoria primeira un período ata o 1 de novembro de 2020 para que comercializadores e distribuidores adapten os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos á estrutura de prezos establecida na circular.

O 14 de marzo de 2020 foi publicado no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, impón ás empresas que operan no sector eléctrico unha serie de obrigacións para os efectos de mitigar o impacto da crise sanitaria sobre os consumidores e, particularmente, sobre os consumidores considerados vulnerables.

A crise sanitaria e o conxunto de medidas dirixidas a garantir a continuidade da subministración enerxética tiveron un impacto sobre os traballos que debían acometer as empresas distribuidoras e comercializadoras para adaptaren os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos á estrutura da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

Por outra parte, o artigo 16 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, establece que o Goberno, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerá a metodoloxía de cálculo dos cargos que deberán satisfacer os consumidores e, de ser o caso, os produtores de enerxía eléctrica, e que cubrirán os custos do sistema que se determinen, mentres que a disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias

da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, establece que o Goberno e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerán períodos transitorios nas citadas metodoloxías de peaxes, canons e cargos, segundo corresponda, de forma que as variacións do conxunto de peaxes, canons e cargos resultantes de aplicar as novas metodoloxías respecto dos vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei se absorban de maneira gradual nun período máximo de catro anos desde a entrada en vigor da metodoloxía de cargos que estableza o Goberno.

Neste contexto faise necesario modificar a Circular 3/2020 para os efectos de ampliar o período de que dispoñen as empresas distribuidoras e comercializadoras para se adaptaren a ela e cun prazo de tempo suficiente para que, unha vez superado o estado de emerxencia, sexa aprobado o real decreto polo que se establece a metodoloxía de determinación dos cargos.

A circular adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade e eficacia. A circular é coherente tamén co principio de proporcionalidade, posto que supón o medio necesario e suficiente para ampliar o período transitorio da circular, sen que supoña unha innovación substancial. O principio de seguridade xurídica tamén se garante na medida en que a modificación resulta coherente co Real decreto lei 11/2020. Conforme os principios de eficiencia e transparencia, durante a tramitación cúmplense todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

Por todo o anterior, conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do 22 de xullo de 2020, acordou emitir esta circular.

*Artigo único. Modificación da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*

O número 1 da disposición transitoria primeira da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, substitúese polo seguinte:

«1. As empresas distribuidoras e comercializadoras adaptarán os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos ao disposto nesta circular antes do 1 de abril de 2021.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xullo de 2020.– A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.